



Concello de Miño

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA TÉCNICO/A PARA A CASETA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DURANTE O VERÁN DO ANO 2018.

1ª.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é regula-la convocatoria e posterior contratación con aquelas persoas interesadas na cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo de Técnico/a de Turismo do Concello de Miño, por acumulación de tarefas. Todo elo conforme o disposto na Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña nº 11.261/2018, de data 3 de abril de 2018, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes do programa DP0029, dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo no ano 2018, na Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Lei 2/2015, de 29 de abril, da Función Pública de Galicia; RD Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia do Réxime Local; RD 896/1991 de 7 de xuño, e demais normas concordantes de aplicación.

A modalidade do contrato será por acumulación de tarefas a tempo completo, polo período de catro meses e vinte días.

As retribucións do posto serán de 1.584,17.-€ brutos/mensuais, incluída a prorrata das pagas extras.

2ª.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo, os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- Te-la nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estén separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estén separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) dalgún dos seguintes títulos:

- Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
- Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
- Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.
- Grao ou licenciatura en Historia da Arte.



Concello de Miño

- Grao ou licenciatura en Humanidades.
- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.
- Grao ou licenciatura en Historia.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presenta-las instancias) da Credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

· Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

· Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

· Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

3ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó señor Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.concellodemino.gal/es/informacion/tablon/>), na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Segunda desta convocatoria.

Os aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da minusvalía. Así mesmo, terán que solicita-las posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.



Concello de Miño

As ditas solicitudes presentaranse no citado Rexistro Xeral durante o prazo de 5 días hábiles, que se iniciará o día seguinte do anuncio da convocatoria.

Tamén poderanse presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Tamén poderán comunicalo enviando un e-mail á seguinte dirección de correo electrónico: correo@mino.dicoruna.gal

Á instancia unirase:

- a) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- b) Copia cotexada da titulación académica esixida para participar na convocatoria.
- c) A documentación cotexada xustificativa da fase de concurso.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De se-lo caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de se-lo caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Os méritos a ter en conta na fase de concurso refírense a data na que expire o prazo de presentación de solicitudes.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

4ª.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía dictará resolución, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.concellodemino.gal/es/informacion/tablon/>), e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.



Concello de Miño

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de tres días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.concellodemino.gal/es/informacion/tablon/>). Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección

5ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do estatuto básico da función pública e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertencencia ó mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O Tribunal cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Vocais: Tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo.

Secretario: A Secretaría da corporación ou persoa que a substitúa, que actuará con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.



Concello de Miño

El tribunal cualificador adoptará las medidas necesarias para establecer las adaptaciones y ajustes razoables tanto en tempos como de medios en el proceso selectivo para los/las aspirantes con discapacidade, cando así lo indicase la persoa interesada en la solicitude de participación en el proceso de selección.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

6ª.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A puntuación máxima outorgada na fase de concurso non poderá exceder de 25 puntos.

A fase de concurso desenvolverase con carácter previo á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no no taboleiro de anuncios da Sede electrónica (<https://sede.concellodemino.gal/es/informacion/tablon/>).

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal serán determinado polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da electrónica (<https://sede.concellodemino.gal/es/informacion/tablon/>).

O sistema de selección é o de CONCURSO-OPOSICIÓN.

CONCURSO:

Terase en conta ao obxecto de valoración, as seguintes circunstancias ou méritos:

1.- Por servizos prestados e ata un máximo de 10,00 puntos:

- a) Servizos prestados na mesma categoría laboral nas Administracións Locais: 0,20 puntos por cada mes completo ou fracción superior a quince días.



Concello de Miño

- b) Servizos prestados na mesma categoría labora noutras administracións públicas: 0,15 puntos por cada mes completo ou franqución superior a quince días.
- c) Servizos prestados na mesma categoría laboral en Centros, Entidades ou Empresas: 0,10 puntos puntos por cada mes completo ou franqución superior a quince días.

A antigüidade anterior xustificárase mediante certificación de servizos prestados realizada pola Administración onde prestasen os servizos, ou fotocopia dilixenciada do contrato de traballo ou certificación orixinal da empresa xustificada da experiencia manifestada e informe orixinal de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

2.- Coñecemento do idioma inglés ata un máximo de 3 puntos.

Nivel usuario básico

Nivel A 1: 0,5 puntos

Nivel A 2: 1,00 punto

Nivel usuario independente

Nivel B 1: 1,50 puntos

Nivel B 2: 2,00 puntos

Nivel usuario competente:

Nivel C 1: 2,50 puntos

Nivel C 2: 3,00 puntos

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente: só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a otorgada ao curso inferior.

3.- Coñecemento doutros idiomas, ata un máximo de 3 puntos

Nivel usuario básico

Nivel A 1: 0,5 puntos

Nivel A 2: 1,00 punto

Nivel usuario independente

Nivel B 1: 1,50 puntos

Nivel B 2: 2,00 puntos

Nivel usuario competente:

Nivel C 1: 2,50 puntos

Nivel C 2: 3,00 puntos



Concello de Miño

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente: só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a otorgada ao curso inferior.

4.- Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver impartidos pola administración pública ou homologados, ata un máximo de 5,00 puntos.

De máis de 100 horas: 2,00 puntos
De máis de 70 a 100 horas: 1,50 puntos
De máis de 40 a 70 horas: 1,00 puntos
De máis de 20 a 40 horas: 0,50 puntos

No suposto de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas, non se puntuará o curso.

Os cursos de formación acreditaranse mediante presentación da fotocopia dilixenciada da certificación, título ou diploma no que figure nome do título, contidos e duración, ademais da entidade impartidora.

5.- Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computándose unicamente o grao superior elegado, e concedéndose soamente ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ata un máximo de 2,00 puntos.

Celga 1 : 0,50 puntos
Celga 2: 0,75 puntos
Celga 3: 1,00 punto
Celga 4: 1,50 puntos
Celga 5: 2,00 puntos

Só se valorará o curso máis alto e a puntuación outorgada ao curso superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

6.- Pola posesión do carnet de Guía Turístico Especializado de Galicia: 2,00 puntos.

OPOSICIÓN:

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 40 preguntas con catro respostas alternativas, sendo só unha delas a correcta, nun tempo máximo de 60 minutos.

O cuestionario será determinado polo órgano de selección, entre todo o contido do programa especificado no anexo I desta convocatoria.

A proba calificarase de 0 a 40 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 20 puntos.

A cualificación final será a suma total das puntuacións obtidas no concurso e na fase de oposición. De producirse empate na puntuación final, dimirase a favor da maior puntuación obtida na fase de concurso no punto 1, e de persistir, dimirase a favor da



Concello de Miño

maior puntuación obtida na fase de concurso no punto 2, e de persistir, dimirase a favor da maior puntuación obtida na fase de concurso no punto 3, e de persistir, dimirase a favor da maior puntuación obtida na fase de concurso no punto 4, e de persistir, dimirase a favor da maior puntuación obtida na fase de concurso no punto 5, e de persistir, dimirase a favor da maior puntuación obtida na fase de concurso no punto 6, e de persistir, dimirase por sorteo.

A publicación dos resultados obtidos no proceso selectivo, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://sede.concellodemino.gal/es/informacion/tablon/>).

7º.- LISTA DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A cualificación final do proceso virá determinada pola puntuación total obtida na fase de concurso máis a fase de oposición, sendo necesario, de ser o caso, superar a proba de galego coa cualificación de apto. En caso de empate, Terán preferencia aqueles aspirantes que obtivesen maior puntuación no cuestionario escrito; de persistir o empate, quen obteña maior puntuación no apartado A da Fase de concurso. Finalmente, en caso de que continuara existindo un empate procederase a un sorteo entre os/as implicados/as.

Finalizado o proceso selectivo o tribunal fará públicas no taboleiro de edictos do concello e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do concello, a relación definitiva dos aspirantes aprobados e pola orde da puntuación obtida. Esta relación presentarase ao señor alcalde coa proposta do candidato/a que obtivese maior puntuación para súa contratación laboral.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

O/a aspirante proposto/a, achegará no prazo de cinco (5) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos, os documentos seguintes:

1º.- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2º.- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

Non suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.



Concello de Miño

3º.- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

4º.- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar afiliado).

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

8ª.- CONTRATACIÓN.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo/a interesado/a, o Sr. Alcalde efectuará a contratación, a favor do/a candidato/a proposto/a.

9ª.- LISTA DE RESERVA.

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha relación das persoas, en orde descendente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir o posto de traballo de Técnico/a de Turismo, no caso de renuncia.

A vixencia da lista será ata o 31 de decembro de 2018.

Anexo I

1. A Constitución española de 1978. Estructura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. O procedemento administrativo común: concepto, principios xerais, fases e terminación do procedemento.
3. O procedemento administrativo. Os dereitos e deberes dos administrados. Os interesados.
4. A función pública local. Concepto e clases de persoal ó servizo das entidades locais: funcionarios, persoal eventual e persoal laboral.
5. Os dereitos e deberes de persoal ao servizo das Administracións Públicas.
6. O réxime local español: Principios constitucionais. As entidades locais. O municipio e a provincia.
7. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos.
8. A organización municipal. O concello. Órganos básicos: Alcalde e Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. As competencias municipais, con especial referencia os ámbitos cultural, educativo e turístico.



Concello de Miño

9. Seguridade e saúde no traballo: a Lei de prevención de riscos laborais. Procedementos e medios de seguridade e saúde no traballo. Dereitos e obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.
10. A Lei para a defensa dos consumidores e os usuarios e o Estatuto galego do consumidor e usuario. O sistema arbitral.
11. O produto turístico. Concepto e características. Xestión, ciclo de vida do produto e a súa viabilidade. A marca e o produto. Inventario de recursos turísticos. Valoración e aproveitamento dos recursos turísticos. Produtos turísticos da provincia da Coruña.
12. Calidade e satisfacción no sector turístico. Concepto e modelos de calidade.
13. Xestión da calidade en empresas e destinos turísticos. Imaxe de marca dun destino turístico. Creación da marca. Tipos marca – destino.
14. A comunicación turística. A publicidade e os medios publicitarios. A utilización de internet na comunicación e na publicidade. Marketing dun destino a través do ciberespazo: webs.
15. A sinalización turística. Obxectivos, principios e estrutura organizativa. Tipos de carteis turísticos.
16. Dinamización de oficinas de turismo. Análise. Diagnóstico. Estratexias de actuación.
17. A lei do turismo en Galicia: estrutura e contido. Obxecto e suxeitos da lei. Ordenación da oferta turística: principios xerais para o exercicio das actividades turísticas
18. Os aloxamentos turísticos. Os hoteis, os aloxamentos turísticos extrahoteleiros. Ordenación dos establecementos hoteleiros e campamentos públicos en Galicia.
19. Servizos de guías turísticos. Relación coas empresas, entidades e profesionais do sector.
20. Programación de itinerarios turísticos. Viabilidade dos recursos turísticos do contorno para efectos de programar itinerarios. Técnicas de programación de itinerarios turísticos.
21. O turismo no medio rural. Aproximación conceptual. Tipoloxías de aloxamento turístico rural.
22. Xestión e demanda de espazos naturais. Plans de ordenación dos recursos naturais. Espazos naturais protexidos. Categorias.
23. O mercado español do ecoturismo. Tipoloxías e destinos. O consumidor ecoturístico. Canles de comercialización.
24. Termalismo. Orixe, evolución e potencialidades do turismo de saúde. O club de produto vilas termais.
25. Os espazos turísticos litorais. Produtos turísticos relacionados. O Turismo náutico. A importancia do turismo náutico en Galicia. Portos deportivos de Coruña.
26. Festas declaradas de interese turístico. Principais festas e eventos da provincia da Coruña e a súa influencia na desestacionalización do turismo.
27. A oferta turística gastronómica: eventos de exaltación gastronómica na provincia da Coruña. Denominacións de orixe.
28. Concellos declarados de interese turístico na provincia da Coruña. Plans de dinamización e de excelencia turística.
29. Planificación e organización de feiras e eventos turísticos. Obxectivos e prospección do mercado. Pre-feira, feira e postfeira.
30. A acción social do turismo. Impactos negativos e positivos do turismo nos ámbitos económico e sociocultural. A súa contribución pola mellora da situación no plano público e privado.



Concello de Miño

31. Turismo e deporte. Tendencias actuais e futuras. Impacto socio-económico. Colaboración pública e privada. Mecanismos de innovación. Xestión do marketing. A actuación das empresas que organizan actividades de turismo activo.
32. Turismo cultural. Cultura e turismo un binomio inseparable. Novas oportunidades de desenvolvemento para os territorios. Cómo xestionar o turismo cultural.
33. Protocolo no turismo. Rangos de ordenación. Celebración de actos.
34. Conservación e promoción do patrimonio.
35. A actividade turística en Miño.
36. Exposicións. Deseño e montaxe.
37. Os Museos. Definición. Normativa de aplicación e organigrama do sistema museístico. Tipoloxía e funcións.
38. A protección do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago: normativa reguladora. Clasificación dos bens do patrimonio cultural de Galicia. Categorías. Obrigas dos concellos de Galicia respecto dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia localizados no seu termo municipal.
39. Os Camiños de Santiago, cultura e sendeirismo. As rutas tematizadas.
40. Realidade turística e cultural de Miño

MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE PARA A PROVISION TEMPORAL DUN/DUNHA TÉCNICO/A PARA A CASETA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DURANTE O VERÁN DO ANO 2018.

Conforme o dispostona Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña nº 11.261/2018, de data 3 de abril, pola que se aproban as bases específicas reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto do persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2018.

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

Domicilio: _____

Poboación: _____

Teléfono: _____

E-mail: _____

EXPÓN:

Vista a convocatoria, en relación coa a **PROVISIÓN TEMPORAL DUN/DUNHA TÉCNICO/A PARA A CASETA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DURANTE O VERÁN DO ANO 2018**, conforme ás bases:

Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas á



Concello de Miño

data de expiración do prazo de presentación da instancia.

Que non padece enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

Que non foi separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin encontrarse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Que declara coñecer e acepta as bases da convocatoria.

SOLICITA:

Que se admita esta solicitude para as probas de selección de persoal referenciada.

XUNTA:

- Copia D.N.I. ou documento identificativo.
- Copia compulsada ou cotexada da titulación académica esixida.
- Documentación xustificativa da fase de concurso.

En _____, a _____ de _____ do 2018.

(Sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MIÑO (A CORUÑA)

Os seus datos persoais incorporaranse nun ficheiro automatizado e serán tratados de forma confidencial (Lei 15/1999), e non se poderán utilizar para finalidades incompatibles con aquelas para as que fosen recollidos.

O Concelleiro da Área de Urbanismo, Medioambiente,
Facenda e Persoal

Agustín Andrés Andrés